

Os partenariados europeos para a innovación e o seu futuro no periodo 2021-2027

Os partenariados (ou *partnerships* en inglés, como se coñecen habitualmente) son un punto de encontro da Comisión Europea e actores públicos e privados dedicados a conferir unha visión estratéxica para a investigación e a innovación que dea resposta aos principais retos europeos. Ter unha visión clara dos partenariados, entender a súa orixe e funcionamento, así como aprender a mellor forma de establecer vínculos con eles; preséntase como imprescindible para mellorar o posicionamiento de calquera entidade ou dunha rexión enteira como as de Galicia e Norte.

Axenda

10.30-10.35 – Benvida

10.35-10.45 – Breve introdución ao programa Horizon Europe. Onde se ubica o programa e como está distribuído

10.45-11.00 – Partenariados: Tipos e características

11.00-11.40 – Partenariados e programas de traballo

11.40-11.50 – Como establecer vínculos con un partenariado

11.50-12.00 – Turno aberto de preguntas

Participantes

Valentín Polo ([LinkedIn](#)), Consultor Senior de Innovación en PNO Innovation, é Doutor en Enxeñaría de Telecomunicación (Fotónica) pola Universidad Politécnica de Valencia. Durante máis de 20 anos, ten estado involucrado en actividades de I + D + i no marco de Programas Europeos (FP5, FP6, FP7, H2020) en múltiples sectores. Colabora como avaliador externo para a Comisión Europea.

Edgar Valverde ([LinkedIn](#)), Consultor de Innovación en PNO Innovation é Enxeñeiro Químico e Enxeñeiro Industrial pola Universitat Politècnica de Catalunya. Desde hai máis de 6 anos ten estado involucrado en multitude de iniciativas de I+D+i nas áreas agroalimentaria, enerxética e medioambiental, apoiando a empresas e centros de investigación. Tamén ten participado en múltiples proxectos colaborativos.